

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIP A SOLAINA  
CURSO: CICLO EDUCACIÓN INFANTIL  
MATERIA: GLOBALIZADA  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 11-5-2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º Ed. infantil  |   |                      |
|--|---|----------------------|
| Criterio de avaliación   | Indicadores   | Competencias básicas |
| <b>ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL</b>   |   |                      |
| Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas.</li> </ul>   | <b>CAI</b>           |
| Coordinar e controla progresivamente o seu corpo e as súas posibilidades motrices.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Globalmente móvese con axilidade.</li> </ul>   | <b>CAI</b>           |
| Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colabora en tarefas e acepta as normas.                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece e acepta as normas da escola.</li> <li>• Participa activamente nas actividades e tarefas.</li> </ul>  | <b>CAI, CAA, CSC</b> |
| <b>ÁREA DE COÑECEMENTO DO ENTORNO</b>  |   |                      |
| Identificar e coñece os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica normas básicas para a conservación do contorno.</li> <li>• Coñece as rutinas da aula e gústalle compartir xogos cos compañeiros/as.</li> </ul>                            | <b>CMFS, CL, CAI</b> |
| Participar en pequenos proxectos.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Gústalle participar nos pequenos proxectos que se fan na aula.</li> </ul>  | <b>CMFS, CAI</b>     |
| Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actúa sobre eles.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece a utilidade dos distintos materiais e os usa correctamente.</li> <li>• Realiza series sinxelas.</li> </ul>  | <b>CAA</b>           |
| Recoñecer algunhas figuras xeométricas: cadrado, círculo, triángulo.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece algúns aspectos xeométricos básicos: liñas e puntos do círculo, cadrado e triángulo.</li> </ul>   | <b>CM</b>            |
| Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade.                             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega os cuantificadores básicos.</li> <li>• Asocia algúns números coas cantidades que representan.</li> <li>• Representa cantidades empregando diferentes estratexias.</li> </ul> | <b>CM</b>            |

|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referido á súa vida.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano (as estacións).</li> <li>• Asocia tempos horarios con determinadas acción.</li> </ul>                         | <b>CMFS</b>     |
| <b>ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN</b>  |  |                 |
| Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunícase coas persoas adultas e cos seus iguais.</li> </ul>   | <b>CL</b>       |
| Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respetuosa.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece o seu nome.</li> <li>• Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas e cualitativas.</li> </ul>                              | <b>CL</b>       |
| Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece o seu nome.</li> <li>• Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas e cualitativas.</li> </ul>                              | <b>CL</b>       |
| Expresar e comunicar utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participa con interese en actividades expresivas.</li> <li>• Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos útiles como recurso e medio de expresión.</li> </ul> | <b>CCA</b>      |
| Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participa con interese en actividades expresivas corporais a través da música e a dramatización.</li> </ul>   | <b>CCA, CAA</b> |
| Demostrar interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Goza co uso do robot educativo e a pizarra dixital (CAA, CD).</li> </ul>  | <b>CAA,CD</b>   |

| 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 5º Ed. infantil  |  |                      |
|--|--|----------------------|
| Criterio de avaliación   | Indicadores  | Competencias básicas |
| <b>ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL</b>   |  |                      |
| Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sinala correctamente partes e detalles do corpo (talón, pestanas, células...).</li> <li>• Debuxa a figura humana respectando as proporcións.</li> </ul>   | <b>CSC</b>           |
| Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais.</li> </ul>  | <b>CAI</b>           |
| Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos outros  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes emocións.</li> <li>• Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións.</li> </ul>  | <b>CAI, CSC</b>      |
| <b>ÁREA DE COÑECEMENTO DO ENTORNO</b>  |  |                      |
| Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe describir algún atributo dun obxecto.</li> <li>• Clasifica os obxectos atendendo a algún criterio.</li> <li>• Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.</li> <li>• Poder ordenar un conxunto de obxectos empregando diversos criterios sucesivamente (forma, cor, tamaño,...).</li> <li>• Realiza series sinxelas.</li> </ul> | <b>CM</b>            |
| Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega os cuantificadores básicos.</li> </ul>  | <b>CM,CAA</b>        |

|  |   |             |
|--|---|-------------|
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.</li> <li>• Coñece a serie numérica.</li> <li>• Coñece os números convencionalmente.</li> <li>• Fai uso do número en situación funcionais e cun valor conceptual como : indicar as cantidades dos ingredientes dunha receita, recoller o número de nenos que asisten a una excursión,...</li> <li>• Asocia algúns números coas cantidades que representan.</li> </ul> |             |
| Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo.</li> <li>• Recoñece aspectos xeométricos das figuras xeométricas: rectángulos, cadrados, triángulos, círculos (lados, forma).</li> <li>• Representa as formas xeométricas básicas.</li> <li>• Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.</li> </ul>  | <b>CM</b>   |
| Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referido á súa vida.            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano (as estacións).</li> <li>• Asocia tempos horarios con determinadas accións.</li> </ul>   | <b>CMFS</b> |

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

|   |   |           |
|---|---|-----------|
| <p>Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.</p>                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunícase coas persoas adultas</li> <li>• Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas</li> <li>• Ten una linguaxe fluida</li> </ul>   | <p>CL</p> |
| <p>Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa</p>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</li> <li>• Comprende instrucións sinxelas .</li> <li>• Comprende as ordes e consignas habituais.</li> </ul>   | <p>CL</p> |
| <p>Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.</p>                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno.</li> <li>• Recoñece o seu nome</li> <li>• Recoñece os nomes dos compañeiros/as.</li> <li>• Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cualitativas.</li> </ul> | <p>CL</p> |
| <p>Producir diferentes textos individualmente ou en grupo- e con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Producir diferentes textos individualmente ou en grupo- e con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.</li> </ul>  | <p>CL</p> |

|  |   |     |
|--|---|-----|
| Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios.</li> </ul>         | CL  |
| Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas audiovisuais.                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participa con interese en actividades expresivas.</li> </ul>                       | CCA |
| Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.</li> </ul> | CD  |



| 3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 6º Ed. infantil   |  |                         |
|---|--|-------------------------|
| Criterio de avaliación  | Indicadores  | Competencias básicas    |
| <b>ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL</b>  |  |                         |
| Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sinala correctamente partes e detalles do corpo (talón, pestanas, cellas...)</li> <li>• Debuxa a figura humana respectando as proporcións.</li> </ul>   | <b>CAI</b>              |
| Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais.</li> <li>• Mostra satisfacción polas súas accións e producións.</li> </ul>  | <b>CAI</b>              |
| Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes emocións.</li> <li>• Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.</li> </ul>  | <b>CAI</b>              |
| Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actúa autonomamente</li> <li>• Esfórzase na realización das tarefas.</li> </ul>   | <b>CSC,CAI,C<br/>AA</b> |
| <b>ÁREA DE COÑECEMENTO DO ENTORNO</b>   |  |                         |
| Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pode ordenar un conxunto de obxectos empregando diversos criterios sucesivamente (forma, cor, tamaño...).</li> <li>• Describe propiedades e características de obxectos e coleccións con base en diversos criterios.</li> </ul> | <b>CM,CAA</b>           |

|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.  |  |                 |
| Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Asocia algúns números coas cantidades que representan.</li> <li>• Coñece a serie numérica.</li> <li>• Escribe os números convencionalmente.</li> </ul>  | <b>CM</b>       |
| Propoñer e resolver problemas sinxelos.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolve manipulativamente pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria que implican a aplicación de operacións de calculo sinxelas.</li> </ul>  | <b>CM,CAA</b>   |
| Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Valora os diferentes servizos sociais e comunitarios do seu contorno (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...).</li> </ul>   | <b>CMFS,CSC</b> |
| <b>ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN</b>  |  |                 |
| Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de solicitar axuda verbalmente cando a precisa.</li> <li>• Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar</li> <li>• Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.</li> <li>• Ten un vocabulario rico.</li> </ul> | <b>CL</b>       |
| Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende ordes complexas que implican dúas ou tres accións consecutivas.</li> </ul>  | <b>CL</b>       |

|  |   |                   |
|--|---|-------------------|
| <p>Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas escritoras competentes.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno.</li> <li>• Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.</li> <li>• No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa silábica-alfabética.</li> </ul>      | <p><b>CL</b></p>  |
| <p>Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas produción e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.</p>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Combina diferentes recursos expresivos de maneira orixinal.</li> <li>• Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...</li> <li>• Utiliza todo o espazo gráfico.</li> </ul> | <p><b>CCA</b></p> |

Siglas das competencias básicas:

- CAI: Competencia para a autonomía e iniciativa persoal.
- CAA: Competencias de aprender a aprender.
- CSC: Competencia social e cidadá.
- CMFS: Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- CL: Competencia en comunicación lingüística.
- CM: Competencia matemática.
- CCA: Competencia cultural e artística.
- CD: Competencia dixital e tratamento da información.

## 2. Avaliación e cualificación

|   |  |
|---|--|
| <b>Avaliación</b>                       | <p><u>Procedementos:</u><br/>A principal ferramenta en Educación Infantil é a observación directa e sistemática, que foi usada no 1º trimestre e en parte do 2º trimestre (ata que se declarou o estado de alarma sanitaria por COVID-19).<br/>Neste 3º trimestre non foi posible levala a cabo, polo que se terá en conta a comunicación coas familias a través de distintas canles, xa que son os titores/as legais peza fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.<br/>Invitouse ás familias a que enviaran fotos das tarefas que realizan en casa.</p> |
|   | <p><u>Instrumentos:</u><br/>Rexistro da conectividade das familias ás diferentes plataformas da Xunta (Aula Virtual e Espazo Abalar) para o acceso ás actividades propostas.<br/>As fotos que envían as familias a través de correo electrónico.</p>   |
| <b>Cualificación final</b>              | <p>Tomando como referencia a lexislación educativa (Real Decreto 463/2020, polo que se decreta o estado de alarma sanitaria e as Instrucións de 27 de abril da Consellería de Educación) a terceira avaliación será realizada tendo en conta as valoracións do primeiro e segundo trimestre, debido ao carácter global e continuo da avaliación.</p>   |
| <b>Proba extraordinaria de setembro</b> | <p><b>Na etapa de educación infantil non hai probas extraordinarias de setembro.</b></p>   |
| <b>Avaliación de materia pendentes</b>  | <p>Criterios de avaliación:<br/><b>Na etapa infantil non hai alumnado con materia pendente.</b></p>  |
|   | <p>Criterios de cualificación:</p>   |
|   | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>   |

| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|--|---|
| <b>Actividades</b>   | <p>As actividades propostas teñen unha frecuencia semanal, nas que ofertamos ás familias diferentes recursos aos que teñen acceso na Aula Virtual de cada nivel educativo da etapa de Educación Infantil.</p> <p>Sen esquecer o carácter globalizado e interdisciplinar da metodoloxía didáctica, procuramos acadar as competencias básicas a desenvolver no proceso de ensino-aprendizaxe ofrecendo ás familias unha distribución en bloques para favorecer a posta en práctica das diversas actividades. Establecemos os seguintes ámbitos de experiencia e aprendizaxe: lecto-escritura, lóxica-matemática, atención e memoria, motricidade, creatividade e emocións.</p> <p>O elemento lúdico, baseado na acción, é o eixe organizador das actividades, que están indicadas como repaso de aprendizaxes adquiridas e reforzo do proceso de ensino.</p> <p>Para o alumnado NEAE ou aquel que necesita reforzo, a titoras e especialistas de Audición e Linguaxe preparamos material de ampliación.</p>   |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>   | <p><u>Alumnado con conectividade:</u></p> <p>As familias acceden ás tarefas a través da Aula Virtual do centro. Para isto, cada alumno/a ten unha clave de acceso. Deste xeito podemos rexistrar que alumnado se conecta dende a opción de rexistros.</p> <p><u>Alumnado sen conectividade:</u></p> <p>A titora envía en formato PDF as propostas semanais (antes do venres) á Dirección do centro CEIP A Solaina para que, previa autorización da familia, llas remita ao Concello de Narón, quen se encargará de imprimilas e entregalas no domicilio.</p> <p>Ademais o centro facilita a opción de prestar unha tableta, sempre e cando a familia xustifique que non ten ningunha posibilidade de ter un dispositivo e conexión a internet.</p> <p>En calquera das dúas opcións as titoras están pendentes, a través das distintas canles de comunicación, das dúbidas das familias tanto a nivel do proceso de ensino-aprendizaxe coma do estado emocional dos nenos e nenas.</p> <p>Realización de titorías a través de espazo abalar ou por correo electrónico.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b>  | <p><u>Persoais:</u> Titoras, E. Orientación, especialistas, familias e alumnado.</p> <p><u>Ambientais:</u> O fogar de cada neno/a (a maioría en entorno urbano, confinados en pisos; e algúns en entorno rural).</p> <p><u>Materiais:</u> ordenador, tarefas na Aula Virtual, materiais con opción a imprimir, enlaces a vídeos educativos con cancións, contos, explicación da temática a traballar, ...). Material de reforzo ou ampliación para alumnado NEAE ou que necesite mellorar algún aspecto.</p>  |

|  |  |
|--|--|
|  | <p><u>Dixitais:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Aplicación Abalarmóbil.</li> <li>-Aula Virtual (acceso privado a través de contrasinais).</li> <li>-Páxina web do centro.</li> <li>-Contas de correo do dominio @gmail.com</li> <li>-Chamadas telefónicas a través do centro.</li> </ul> |
|--|--|

| 4. Información e publicidade                 |   |
|--|---|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | Informarase da publicación da adaptación da programación do 3º trimestre do curso 2019/20 a través da aplicación Abalarmóbil. |
| <b>Publicidade</b>                           | Publicación obrigatoria na páxina web do centro.  |